



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL CELEBRADA O 28 DE OUTUBRO DE 2021

En Laxe, sendo as 19.37 horas do día 28 de outubro de 2021, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o Alcalde José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dna. Raquel Lema Allo (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Don Diego Soto Pereiro (PP)
Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)

Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)
Dna. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)
Don Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Non asiste Dna. Marta Caamaño Alvarellos (PSdeG PSOE).

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Seguidamente, procédese a, deliberar sobre a seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE USO DO CENTRO SOCIAL DE TRABA A USO SOCIO CULTURAL E ASISTENCIAL.

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Ampliación de uso do Centro Social de Traba a uso Socio cultural e asistencial

Expte. Admvo. Núm. 2021/X999/000087

Este concello é propietario dun inmovible situado no núcleo rural de As Melgueiras, na parroquia de Traba. Este ben consta no Inventario de Bens como ben demanial de servizo público, destino cultural e deportivo; e no PXOM figura como ubicado en Solo rústico de protección ordinaria, EQ-13: Sistema Local (equipamento), uso socio cultural.

Vista a Orde do 22 de marzo de 2021 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2021, 2022 e 2023 (código de procedemento BS212A)

Visto que este concello está interesado en que no Centro Social de Traba se execute o proxecto de casa do Maior, que iría destinado á atención de mulleres e homes maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada e severa, e para persoas maiores sen dependencia, como recurso da promoción da autonomía persoal, e para persoas maiores sen dependencia, como recurso de promoción da autonomía persoal.

O desenvolvemento do proxecto piloto da Casa do maior no Centro Social de Traba diríxese a atender, por unha banda ao benestar de cuidadores familiares, ao fin de contribuír a diminuír a carga dos cuidados e a favorecer que a permanencia das persoas en situación de dependencia na súa contorna se realice nas mellores condicións de equidade no acceso a recursos de proximidade, con independencia do lugar onde residan, e por outra banda foméntase a prevención das situacións de dependencia en persoas maiores que aínda gozan de autonomía, paliando así mesmo as situacións de illamento social que sofre gran parte deste colectivo.

Considerando a conveniencia de realizar unha concesión administrativa de uso privativo dun ben de dominio público dado o interese do concello na implantación do proxecto piloto de Casa do Maior.

Visto o informe dos servizos técnicos nos que indica que a parcela está destinada a sistema xeral de equipamentos comunitarios existente coa denominación EQ13 con un uso Socio Cultural, destinado a “Local social, axencia de lectura e pista deportiva”, e para o realizar a actividade de “Fogar do maior” corresponde un uso asistencial, previsto nos artigos 131 a 133 do Capítulo XIV do PXOM de laxe, considerando compatible o uso proposto co uso actual.

Visto o informe de secretaría no que expón que o artigo 42.5 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia establece que: “El ayuntamiento en pleno, por mayoría absoluta y sin necesidad de seguir el procedimiento de modificación del plan, podrá acordar el cambio de uso de los terrenos reservados para equipamientos públicos por otro uso dotacional público distinto, siempre que se mantenga la titularidad pública o se destine a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

incrementar las zonas verdes y los espacios libres públicos”.

Á vista destes antecedentes, considerando que o uso asistencial que se pretende implantar é compatible co uso socio cultural existente e ante a necesidade de someter a acordo plenario a ampliación de uso do Centro social de Traba,

Formúlase a seguinte proposta ao Pleno:

Primeiro: *En aplicación do art. 42.5 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, ampliar o uso existente do Centro Social de Traba de uso “Socio cultural” a uso” Socio cultural e asistencial”.*

Segundo: *Proceder á publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial d Galicia e remitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o seu coñecemento e efectos, así como a inclusión nos sistemas de información urbanística da Comunidade Autónoma, facendo constar no anuncio de aprobación a dita remisión.*

Laxe, 22 de outubro de 2021

O alcalde

Asdo. José Luís Pérez Añón

Intervén o sr. Alcalde dando unha breve explicación da proposta.

Pregunta o concelleiro D. Xosé Manuel Pose Lema, integrante do grupo mixto e representante do BNG, se a subvención é para o concello; ao que resposta o sr. Alcalde que non, que o proxecto é a custe cero para os usuarios.

Intervén D. Xosé Manuel Pose Lema, dando lectura ao escrito que se transcribe a continuación:

Que é lamentable que se teña que facer esta modificación para prestar un servizo en precario, con prazas moi limitadas, dividido no noso concello en dúas casas do maior, unha nova tirita onde hai un cancro, un novo parche como o da dragaxe, cando se podería solucionar doutro xeito porque a Xunta o que debería de facer é construír o comprometido Centro de Día, pero como todos sabemos que non o van facer, no BNG xa propuxemos en diversas ocasións outra solución, todas apoiadas polo PP na oposición e tamén por IxL no seu día, que non é outra cousa que convenir coa cofraría a rehabilitación da Casa do mar en Centro de Día, polo que lle propoñemos que se poñan a ela, que o fagan agora, nós traeremos ao seguinte Pleno unha moción ao respecto e tamén lles anuncio que imos emendar os orzamentos da Xunta con esta cuestión, a de dotar a Laxe deste servizo tan importante, cousa que xa fixemos nos últimos anos, e despois a ver que opinan vostedes cando no Parlamento o PP a rexeite cando o ven facendo reiteradamente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Non se pode ocultar que estamos diante dun modelo absolutamente privatizador, onde se usa o público para beneficio privado, onde os hipotéticos gastos de adaptación do centro van ser probablemente públicos e a xestión do mesmo vai ser privada, pero para nós o primeiro é mellorar as condicións de vida dos veciños e veciñas e, obviamente, non podemos votar en contra desta cuestión polo que o noso voto será favorable.

Intervén o concelleiro do PP, D. Francisco Charlín Oróns dicindo que a Casa do Mar é propiedade da Cofraría e que terán algo que dicir. Ao que resposta D. Xosé Manuel Pose Lema que o convenio pode ser a tres bandas.

Tras breves intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [6 do PP (D. José Luís Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, D. Francisco Charlín Oróns, D. Eulogio Constantino Castiñeira, D. Diego Soto Pereiro), 3 do PSdeG-PSOE (Dna. Bárbara Varela Álvarez, D. Fabián José Romar Lema, Dna. Consuelo Lemus Insua), 1 do Grupo Mixto representante do BNG (D. Xosé Manuel Pose Lema)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

Primeiro: En aplicación do art. 42.5 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, ampliar o uso existente do Centro Social de Traba de uso “Socio cultural” a uso” Socio cultural e asistencial”.

Segundo: Proceder á publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia e remitir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o seu coñecemento e efectos, así como a inclusión nos sistemas de información urbanística da Comunidade Autónoma, facendo constar no anuncio de aprobación a dita remisión.”

Unha vez rematada a votación auséntase do salon de plenos Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP), sendo as 19.40 horas.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA BASE 31 DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO PARA O EXERCICIO 2021.

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Procedemento: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA BASE 31 DE EXECUCIÓN DE PRESUPOSTOS PARA O EXERCICIO 2021: CAPÍTULO III. DAS SUBVENCIONES

Expediente núm.: 2021/X999/000091

Na BASE 31 DE EXECUCIÓN DOS PRESUPOSTOS MUNICIPAIS para o exercicio 2021, no seu CAPÍTULO III, DAS SUBVENCIONES, apartado 4, recolléronse as seguintes SUBVENCIONES NOMINATIVAS DE CONCESIÓN DIRECTA:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO	IMPORTE
2021.334.480	ASOC. CULTURAL DE AMIGOS DA CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL ATALAIA DE LAXE	2.000,00 €
2021.334.480	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE SERANTES	500,00 €
2021.340.480	S.D LAXE	1.500,00 €

A ASOCIACIÓN VECIÑAL DE SERANTES presentou, con data do 24/09/2021, SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA por importe de 1.000,00 € para: edición da publicación: “A Asociación de veciños de Serantes (Laxe). Máis de 30 anos de actividades”.

O obxecto para o que solicitan a subvención concretano en: “axudar nos gastos de impresión, deseño, maquetación e autoría de 600 exemplares do libro”.

Considerando o avanzado estado do exercicio presupostario 2021 e que ningunha das outras dúas entidades contempladas nas bases de execución do presuposto para a concesión directa de subvencions nominativas ten solicitado a data de hoxe ningunha subvención.

Unha vez revisado o contido da publicación achegado pola ASOCIACIÓN DE VECINOS DE SERANTES e valorando positivamente o interese histórico, cultural e patrimonial da mesma para a nosa vila.

Esta alcaldía, en base ás atribucións conferidas pola lexislación vixente, propón ó Pleno da corporación, adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro. Modificar a BASE 31 DE EXECUCIÓN DOS PRESUPOSTOS MUNICIPAIS para o exercicio 2021, no seu CAPÍTULO III, DAS SUBVENCIONES, apartado 4, de tal forma que a súa redacción quede como segue:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO	IMPORTE
2021.334.480	ASOC. CULTURAL DE AMIGOS DA CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL ATALAIA DE LAXE	1.500,00 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2021.334.480	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE SERANTES	1.000,00 €
2021.340.480	S.D LAXE	1.500,00 €

Segundo. Proceder ás publicacións que resulten oportunas.

Laxe, na data da sinatura á marxe.

O alcalde,

Intervén o concelleiro D. Xosé Manuel Pose Lema, integrante do grupo mixto e representante do BNG, manifestando que non saben se desde a data da proposta da Alcaldía, tanto a S.D. Laxe como a Coral, esta parece ser que con bastantes dúbidas sobre a súa continuidade, presentaron solicitude de subvención nominativa, e que de non ser así o Bng non terá ningún problema en aprobar esta cuestión.

Resposta o sr. Alcalde decindo que falou co presidente da Coral e que non ten previsto facer uso da subvención

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [5 do PP (D. José Luís Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, D. Francisco Charlín Oróns, D. Diego Soto Pereiro), 3 do PSdeG-PSOE (Dna. Bárbara Varela Álvarez, D. Fabián José Romar Lema, Dna. Consuelo Lemus Insua), 1 do Grupo Mixto representante do BNG (D. Xosé Manuel Pose Lema)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

Primeiro. Modificar a BASE 31 DE EXECUCIÓN DOS PRESUPOSTOS MUNICIPAIS para o exercicio 2021, no seu CAPÍTULO III, DAS SUBVENCÍONS, apartado 4, de tal forma que a súa redacción quede como segue:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO	IMPORTE
2021.334.480	ASOC. CULTURAL DE AMIGOS DA CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL ATALAIÁ DE LAXE	1.500,00 €
2021.334.480	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE SERANTES	1.000,00 €
2021.340.480	S.D LAXE	1.500,00 €

Segundo. Proceder ás publicacións que resulten oportunas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBA DA RETRIBUCIÓN PARA 2021 DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS, VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, SAU.

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:

Asunto: Solicitude de retribución para 2021 do servizo municipal de augas formulada por Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia.

Expedientes relacionados:

Expediente núm.: 2020/X998/000362

Expediente núm.: 2020/X998/000245

I. ANTECEDENTES.

PRIMEIRO. O Pleno do concello de Laxe adjudicou, en data 28 de xuño de 2001, a concesión administrativa do servizo municipal de augas á empresa (segundo a denominación actual) VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U..

A duración inicial de dito contrato expirou en data 30 de setembro de 2016, acordándose a prórroga prevista no contrato de un ano, con vixencia ata o día 30 de setembro de 2017.

Ao remate de dita prórroga, o concello de Laxe acordou, previa comunicación e aceptación da empresa, a continuidade da prestación do servizo municipal de augas coa empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. nas mesmas condicións de execución e prezo estipuladas no contrato vixente, polo tempo necesario para e adjudicación do novo contrato.

Este procedemento está pendente da licitación, polo que se mantén en vigor a continuidade da prestación do servizo municipal de augas coa empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U.

SEGUNDO. En data 30 de setembro de 2020, a representación de VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. (en diante VIAQUA) presentou escrito (Rexistro núm. 202099900000393) solicitando “a aprobación da retribución para o ano 2021 =0,556480m3/facturado, co obxecto de eliminar o déficit da concesión e como garantía do seu equilibrio económico, xuntando as contas do ano 2019 do servizo municipal de augas e tamén a previsión de gastos estimados para o ano 2021.

TERCEIRO.- Consta no expediente a emisión de informe xurídico de data 25 de outubro de 2021.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

PRIMEIRA. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no que estea vixente logo da entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio).

SEGUNDA. O apartado 2 da disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (e diante LCSP), establece respecto dos contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei:

«2. Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se registrarán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su modificación, duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior.»

Polo tanto, o réxime xurídico de aplicación deste contrato é o contido no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).

TERCEIRA. O réxime xurídico aplicable á revisión de prezos no TRLCAP está regulado nos artigos 103 a 108.

Estas disposicións contemplan o mecanismo de revisión de prezos en función de considerar como circunstancia previsible a variación dos prezos polo mero transcurso do tempo, e establecendo unha fórmula automática de aplicación en base a índices oficiais sobre a evolución xeral dos prezos e remitindo, para a súa concreción, á fórmula ou sistema de revisión de prezos fixado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP)

Atendendo aos propios Pregos de cláusulas administrativas que rexeron a licitación, ha de considerarse que neste caso é de aplicación o sistema de modificación das retribucións ordinarias en base á actualización do IPC, sempre que se verifique o cumprimento dos demais requisitos establecidos no PCAP.

CUARTA.- A cláusula 13ª do PCAP, relativa á revisión da retribución establece que a revisión de prezos tramitarse conforme as seguintes regras:

A) A revisión deberá ser solicitada polo concesionario antes do día primeiro de outubro de cada exercicio, pero con efectos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

económicos desde o día primeiro do seguinte ano.

B) Será preciso que:

- Transcorrese o primeiro ano da concesión.

- Se producise un incremento nos custos do servizo.

C) O concesionario presentará os xustificantes oportunos que permitan aprobar a proposta de revisión de prezos.

D) A porcentaxe de revisión non poderá, en ningún caso, ser superior -no seu conxunto- ao IPC oficialmente aprobado segundo certificación do organismo competente.

QUINTA. A solicitude efectuada por VIAQUA responde a este esquema de revisión ordinaria do contrato, achegando a xustificación do incremento dos custos de servizo, non obstante o incremento solicitado excede da variación interanual do IPC.

SEXTA. A Xunta consultiva de contratación administrativa do Estado tense manifestado sobre esta materia, así no Informe de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado del 9 de mayo de 2019, Núm. 31/17:

Materia: Diversas cuestiones sobre el pago de un contrato de gestión de servicios públicos.

ANTECEDENTES

El Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Fuente Álamo de Murcia ha dirigido consulta a esta Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado con el siguiente tenor:

“1. El Ayuntamiento Pleno, en sesión celebrada el día 2 de febrero de 2006, adjudicó el contrato de “Gestión de los servicios públicos de recogida, transporte, tratamiento y eliminación de residuos urbanos y de limpieza viaria del término municipal” a la Mercantil Grupo Generala, por un plazo de diez años, formalizándose el mismo en documento administrativo con fecha 15 de febrero de 2006.

2. Tras el vencimiento del plazo de duración del contrato en febrero de 2016, y como consecuencia de diversas vicisitudes ajenas al contratista (incluida la anulación por el TACRC del nuevo procedimiento de contratación iniciado en 2015), dado que se trata de un servicio público esencial, Grupo Generala ha continuado prestando el servicio en las mismas condiciones previstas en el contrato, hasta la adjudicación e inicio del nuevo (que se ha producido con fecha 18 de julio de 2017).

3. Una vez cumplido el año de continuidad en el servicio, se abrió expediente de liquidación por dicho período. En dicho expediente, tras una propuesta inicial del Ayuntamiento y el subsiguiente trámite de audiencia a la empresa, se emitió informe-propuesta de la Intervención municipal en el que se contemplaba:

a) Descontar del precio la parte correspondiente a las amortizaciones de la maquinaria adquirida por la empresa y adscrita al servicio, toda vez que había expirado el plazo de 10 años del contrato (que a su vez era el plazo previsto de amortización de dicha maquinaria).

b. Reconocer a la empresa determinados excesos de gastos, en las cuantías superiores a las previstas para la fijación del precio del contrato, tales como mayor volumen de residuos sólidos urbanos (costes de vertedero) o mantenimiento y reparaciones de maquinaria obsoleta.

4. En virtud de dicho informe-propuesta de Intervención, el Alcalde eleva al Pleno la propuesta de liquidación. En sesión celebrada el día 6 de abril de 2017 y ante diversas dudas de índole jurídica planteadas durante el debate, se decide dejar el expediente sobre la mesa y elevar consulta para posteriormente efectuar una única liquidación final del contrato, una vez que la empresa hubiera finalizado la prestación de sus servicios.

CUESTIONES:

Primera.- ¿Procede descontar del precio durante el período de continuidad la parte del mismo destinada a amortizaciones, una vez que ya se han superado los 10 años de plazo del contrato (que era el plazo amortización de la maquinaria adquirida y adscrita al servicio)?

Segunda.- La continuidad en la prestación del servicio, más allá del término del contrato y por causas ajenas al concesionario, ¿puede considerarse causa de restablecimiento del equilibrio económico al amparo de lo previsto en el artículo 258.2.b) TRLCSP (o al amparo del artículo 163 TRLCAP RDL 2/2000, vigente a la firma del contrato)? En su defecto, ¿cabe compensar a la empresa por costes del servicio superiores a los previstos inicialmente, al amparo de cualquier otro precepto o principio general del Derecho? En definitiva, el principio de riesgo y ventura que regía este contrato, ¿se mantiene plenamente vigente después de su término, durante la continuidad de la prestación del servicio, o cabe matizarse respecto de excesos de gastos tales como reparaciones por obsolescencia de maquinaria, incrementos del volumen de residuos sólidos urbanos a tratar, etc.?

Tercera.- En caso de que proceda el reequilibrio, ¿cabe ventilarlo y reconocerlo en el mismo expediente de la liquidación del contrato, o debe iniciarse un procedimiento ad hoc?

CONSIDERACIONES JURIDICAS.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

El Ayuntamiento de Fuente Álamo de Murcia plantea a esta Junta Consultiva diversas cuestiones relativas a una prestación realizada por un contratista una vez finalizado el plazo de duración de un contrato de gestión de servicios públicos. El meritado contrato fue celebrado en 2006 y, por tanto, queda sujeto en su régimen jurídico al Texto Refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de junio.

El motivo esgrimido para la prolongación de la prestación del servicio por el contratista es el retraso en la adjudicación del nuevo contrato como consecuencia de diversas vicisitudes ajenas a aquél. Debido al mantenimiento de la prestación más allá del periodo contractual se plantean diversas cuestiones relacionadas principalmente con el alcance de la compensación que procede abonar al contratista y con los riesgos asumidos por las partes en este caso.

Para resolver las cuestiones suscitadas por el Ayuntamiento consultante, debemos partir de la doctrina elaborada por esta Junta Consultiva para situaciones similares, esto es, un contrato de gestión de servicios públicos en el que, transcurrido su plazo de vigencia y extinguido el contrato, la empresa concesionaria sigue prestando el servicio hasta la adjudicación e inicio del nuevo contrato, producida el 17 de julio de 2017.

Pues bien, la cuestión debe analizarse teniendo en cuenta nuestra doctrina sobre las denominadas prórrogas tácitas, cuestión sobre la cual ha existido una evolución legislativa que ha tenido reflejo en los informes de la Junta Consultiva, quien ya trató esta cuestión bajo la vigencia del TRLCAP en informes como el de 24 de marzo de 2006 (expediente 12/06) o el de 12 de noviembre de 2004 (expediente 47/04) que vienen a concluir que cualesquiera que fuesen las prevenciones de los pliegos en cuanto a la duración y prórrogas de los contratos de acuerdo con la legislación anterior, debe rechazarse la vigencia de las prórrogas tácitas. Señala nuestra doctrina que la Ley 53/1999, de 28 de diciembre, dio una nueva redacción al artículo 67.1 de la Ley 13/1995, de 18 de mayo, señalando que en los pliegos ha de fijarse con precisión el plazo de duración del contrato y, cuando estuviese prevista, de su posible prórroga y alcance de la misma que, en todo caso habrá de ser expresa, “sin que pueda prorrogarse el contrato por consentimiento tácito de las partes.” Por esta razón hemos mantenido el criterio de que las prórrogas tácitas deben ser rechazadas una vez entrada en vigor la nueva redacción del artículo 67 de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, “al resultar un contrasentido que un contrato celebrado con anterioridad a su entrada en vigor pudiese continuar produciendo sus efectos indefinidamente en virtud de prórrogas tácitas.”

